



Da Cabeza aos PÉS

2016- 2018

Voluntariado para a inclusión e a transformación social



GUÍA DE VOLUNTARIADO

ALIAD Ultreia 2016 – 2018

Navega polo documento para coñecer a nosa proposta de voluntariado

Contido

Contidos.....	¡Error! Marcador no definido.
1. Unha breve presentación da entidade: de onde vimos	2
2. Que é iso do voluntariado?.....	3
3. Que aporta o voluntariado?	3
O que aporta o voluntariado a ALIAD Ultreia	3
O que o voluntariado ofrece á sociedade	4
O que ALIAD Ultreia quere aportar ao voluntariado.....	4
Accións formativas.....	4
4. Que me supón participar como voluntaria/o?	5
5. Áreas de traballo.....	6
5.1. Atención a persoas con problemas de drogodependencias	6
5.2. Programas de intervención en prisión	7
5.3. Programa de intervención con muller en vulnerabilidade	8
5.4. Programa de participación social e voluntariado	8
6. Propostas de acción voluntaria	9
6.1. Apoio aos programas	9
6.2. Acompañamentos	10
6.3. Dinamización cultural	10
6.4. Proxectos propios	11
6.5. Sensibilización e incidencia política.....	11
6.6. Soporte á entidade	12
7. Tipoloxías de voluntariado e acompañamento.....	12
7.1. Voluntariado vinculado á transformación social	12
7.2. Voluntariado de apoio aos programas.....	13
7.3. Voluntariado para accións puntuais	13

1. Unha breve presentación da entidade: de onde vimos

A Asociación ALIAD Ulteira ten a súa orixe na Asociación ALIAD (Asociación Luguesa de Información e Axuda ao Drogodependente), fundada en 1982 na cidade de Lugo e posta en marcha por profesionais de diferentes ámbitos (medicina, psicoloxía, educación) coa intención de informar á sociedade da gravidade do problema das drogodependencias e atender ao conxunto de necesidades humanas que esta xera.

Nun principio o noso ámbito de actuación era a prevención, tratamento e inserción de persoas drogodependentes, pero dende ALIAD pronto nos especializamos na área de inserción.

ALIAD foi evolucionando ao longo dos anos adaptándonos á cambiante realidade social. Deste xeito coa manifestación de novas necesidades sociais, ademais de seguir atendendo ao colectivo relacionado coas drogodependencias, empezamos a diversificar o tipo de actuacións e os/as beneficiarios/as das mesmas. Foi no ano 2010 cando a asociación modifica o seu nome para pasar a denominarse ALIAD Ulteira.

En ALIAD Ulteira traballamos actualmente con persoas afectadas por calquera tipo de problemática social e, en consecuencia, centrámonos na atención integral de individuos sometidos a risco de exclusión por razóns físicas, ambientais, económicas, culturais ou de calquera outra natureza.

Pretendemos ser un recurso de incorporación que facilite a integración social proporcionando:

- **Información e sensibilización** sobre as distintas problemáticas coas que traballa.
- **Formación** dirixida aos colectivos e sectores sociais que teñan relación, directa ou indirecta, coa problemática tratada.
- **Atención psicolóxica, xurídica, laboral, sanitaria e educativa**, contando para iso cun equipo multidisciplinar que desenvolve os distintos programas e proxectos de ALIAD Ulteira.
- **Acompañamento** a recursos sociais, de formación, vivenda, etc.
- **Colaboración**, establecendo relacións e nexos de reunión con diversas entidades públicas e privadas, locais, autonómicas, nacionais e internacionais que contribúan a alcanzar o mesmo fin para o cal foi creada ALIAD Ulteira.
- Traballo de **investigación** que detectan novas problemáticas sociais e que á súa vez serven de base para a planificación de futuras accións.

Todo iso sen perder de vista os valores esenciais da entidade que son a solidariedade, a transparencia, o compromiso e a sensibilización social.

Estamos na Rúa Milagrosa, 99-101, entrechán, na cidade de Lugo. Atendemos en horario de mañá, de 10:00 a 14:00 e os martes e xoves en horario de tarde, de 16:30 a 20:00.

2. Que é iso do voluntariado?

O voluntariado é *unha vía de participación social*. Dende sempre as persoas nos organizamos e colaboramos para atender aquelas realidades, situacións ou problemáticas que nos preocupan, para mellorar o noso contexto de vida, para camiñar cara outros mundos posibles.

Nunha sociedade cada vez máis fragmentada, con reducidas oportunidades para a vida comunitaria e a vertebración social, a acción voluntaria preséntase como unha forma de *articular á cidadanía arredor de proxectos de cambio*. Fronte a outros tipos de participación (colectivos militantes, plataformas cidadás, etc.) o voluntariado vincúlase a unha entidade do terceiro sector, fortalecendo o seus enfoques e liñas de actuación na consecución dos seus obxectivos.



Conscientes do valor do voluntariado, o que pretendemos dende ALIAD Ultreia é *aproximarvos a realidades de exclusión* socialmente invisibilizadas que rodean o noso día a día, ser un *espazo de participación cidadá* no que poder implicarvos na mellora das nosas sociedades, dende a vosa óptica e valores. Actualmente contamos con máis de 30 persoas voluntarias que colaboran coa entidade.

3. Que aporta o voluntariado?

Cando as persoas vos implicades en proxectos de acción voluntaria, esta participación xera un valor recíproco para a entidade á que vos vinculades, que se ve enriquecida nos seus enfoques e liñas de actuación; para vós mesmas/os, entendida esta experiencia como un proceso de aprendizaxe e enriquecemento persoal; e para a sociedade no seu conxunto, con especial atención aos colectivos máis vulnerables.

O que aporta o voluntariado a ALIAD Ultreia

Dende ALIAD Ultreia entendemos o voluntariado como unha *forma de crecer como organización e de dar contido pleno á dimensión asociativa*. Pensamos que a acción voluntaria:

- acrecenta a nosa capacidade de incidencia social e política;
- nos vincula a outros espazos de participación social;
- incorpora ollares que contribúen a renovar os nosos enfoques de traballo;
- introduce iniciativas que reforzan os nosos programas;
- e enriquece os vínculos e afectos que se establecen entre as persoas que formamos parte da asociación.

O que o voluntariado ofrece á sociedade

A acción voluntaria é fundamental na *promoción de contextos de vida inclusivos*. As persoas voluntarias traballades dende o recoñecemento dos dereitos e da dignidade da persoa e pola xustiza social, a través de accións directas cos colectivos en risco de exclusión social ou de incidencia política e sensibilización.

En definitiva, o voluntariado é un *motor de cambio e transformación social* que contribúe, entre outras cousas, a:

- construír unha sociedade máis xusta e equitativa;
- establecer lazos entre os colectivos en risco de exclusión social e a cidadanía;
- fomentar a integración étnica e cultural;
- divulgar valores como a solidariedade, o apoio, a participación, a responsabilidade e o compromiso;
- xerar un enfoque proativo e inspirar outras iniciativas sociais;
- e articular as diferentes loitas sociais dun territorio.

O que ALIAD Ultraia quere aportar ao voluntariado

En ALIAD Ultraia entendemos o voluntariado como unha *experiencia pedagóxico-práctica de transformación social articulada dende o suxeito colectivo*, dende o sentir de grupo, dende os coidados. Procuramos que a acción voluntaria *amplíe a vosa visión crítica* en relación ás realidades coas que traballamos, e que *fortaleza as vosas capacidades para actuar nelas e transformalas*.

Aténdese á necesidade de *transmitir educación e pedagogía, converterse en entidades que educan*, que xeran sensibilización social fronte as realidades coas que traballamos, todas elas silenciadas, invisibilizadas e rodeadas de prexuízos: drogodependencias, prisión, prostitución e trata de mulleres, etc. Por este motivo buscamos coidar a vosa *acollida*, promover *experiencias formativas* e dinamizar *espazos de encontro* nos que construír coñecemento conxunto e idear *proxectos colectivos de cambio*.

A compoñente social do voluntariado é fundamental. Implicarse como voluntaria/o supón formar parte da construción da túa propia comunidade, nun proxecto articulado con outras persoas que comparten un interese común.

Accións formativas

O acompañamento das persoas voluntarias apóiase en accións formativas periódicas, dirixidas a abordar dende unha perspectiva participativa e dialóxica as realidades sociais ante as cales actuamos e enfoques de traballo. Ofrecemos tamén formación específica en temas de acción-intervención social, en función das necesidades do programa ao que se vincula a persoa voluntaria.

Así mesmo, entendemos todo o proceso de voluntariado como unha experiencia formativa xa que, por exemplo, cando nos xuntamos para organizar unha acción de sensibilización é nese traballo grupal que xeramos debates e procesos formativos que nos axudan a perfilar o para que e o como, en función dun coñecemento crítico respecto á realidade ante a que actuamos.

4. Que me supón participar como voluntaria/o?

Son moitas as persoas que se están a implicar nos proxectos que desenvolve ALIAD Ultraia ou a impulsar as súas propias iniciativas coa nosa colaboración. As súas traxectorias, dispoñibilidade, expectativas e ideas son diversas e, polo tanto, tamén as súas formas de participación.

Contamos con persoas voluntarias que entenden Aliad Ultraia como unha *plataforma de participación social* dende a que impulsar proxectos colectivos; outras que colaboran prestando o seu *apoio e reforzando os programas da entidade*; outras que se vinculan cun *apoio máis puntual en accións concretas*, etc. Todas elas participacións valiosas que fortalecen a capacidade de incidencia social e política na promoción de sociedades e contextos de vida inclusivos.

Se estás interesada/o en participar como voluntaria/o teremos un primeiro encontro, unha entrevista inicial na que presentar o traballo da entidade e coñecer as túas expectativas respecto ao voluntariado. Isto permítenos orientarte respecto ao tipo e ámbito de participación que encaixaría co teu perfil como voluntaria/o. A partir de aí manteremos contacto, a través do teléfono ou correo electrónico, no que compartir as accións (reunións, proxectos, formación, etc.) que se desenvolven durante o ano para que poidas formar parte e participar das mesmas.

Non esiximos unha dispoñibilidade temporal determinada, nin pedimos persoas con habilidades profesionais ou capacidades concretas. ALIAD Ultraia queremos ser unha plataforma de participación cidadá na que calquera persoa coa inxenuidade de ampliar o seu coñecemento sobre a sociedade na que vive e convencida de xogar un papel activo e transformador nela, pode ser voluntaria/o.

Afonda máis na nosa proposta de voluntariado:

- Coñecendo as áreas de traballo da entidade
- As áreas de participación, segundo a tipoloxía de actuación
- As formas de participación e, polo tanto, de acompañamento da persoa voluntaria



5. Áreas de traballo

Consideramos que é importante comezar por presentar de forma breve as áreas de traballo e programas da entidade, marco no que se encadra a acción voluntaria. Enténdanse como proxectos en construción, cuxas liñas de acción vanse enriquecendo en atención ás novas necesidades sociais e como resultado do noso proceso de mellora permanente baseado na reflexión en torno á acción que desenvolvemos.

5.1. Atención a persoas con problemas de drogodependencias

Este Programa está enmarcado dentro do Plan de Trastornos Aditivos de Galicia (antes Plan Galego sobre drogas) deseñado pola Xunta de Galicia. Neste sentido ALIAD Ultraia forma parte dos recursos cos que conta devandito plan en Galicia, sendo o único que traballa no ámbito da incorporación na provincia de Lugo.

As actuacións do programa comezan no momento da detención e prólonganse até a execución da pena. O principal obxectivo deste é o asesoramento legal das persoas drogodependentes ou exdrogodependentes para que estes poidan alcanzar a súa incorporación social e laboral.

Para iso, as actividades realizadas neste ámbito son:

- Facilitar a atención integral ás persoas drogodependentes con problemas legais.
- Optimizar a coordinación entre as distintas institucións e axentes implicados.
- Asesorar e orientar a maxistrados/as, xuíces/as e fiscais sobre a situación persoal, familiar e social da persoa con problemas de drogodependencia.
- Accións de orientación – motivación persoal de cara ao tratamento.

Para iso, ALIAD Ultraia divide o programa en dous partes ou proxectos:

- **Servizo de atención xurídico social:** Trata de aproximar as ciencias sociais ao dereito, como ponte entre ambos os modos de análises da realidade. Esta parte do programa céntrase nas persoas que foron sancionadas e/ou detidas por un delito relacionado coas drogodependencias. Neste sentido actúase en dous ámbitos moi específicos, o ámbito xurídico e o ámbito social ou de integración.
- **Cumprimento de penas e medidas alternativas á prisión:** En este apartado a poboación obxectivo intégranse tanto as persoas que se atopan en situación de preventivas, como aquelas que xa están a cumprir condena nos Centros Penais. Tamén se destacan dous ámbitos de actuación: o xurídico e o de social ou de integración.

5.2. Programas de intervención en prisión

Este proxecto responde á filosofía de “crer na potencialidade de cambio das persoas” entendendo que este cambio non se dá polo feito de cumprir unha medida de privación da liberdade, senón que é necesario implementar programas encamiñados á reeducación e a reinserción social do individuo, tal como enuncia o art. 25.2 da Constitución Española.

Para tal fin traballamos no medio penal, na recuperación/adquisición de habilidades e destrezas, e sobre as circunstancias adversas que levaron a cometer o delito. As accións que levamos a cabo teñen unha visión integral que atende ás necesidades sociais e emocionais dos individuos, preocúpase pola adquisición de competencias, axuda no adestramento de habilidades sociais, traballa coas familias... e faio dunha forma continuada no tempo xa que a nosa intervención non se limita ao traballo no interior dos centros penais senón que continúa na rúa: saídas programadas, goce de permisos penais, condicional e primeiros momentos da vida en liberdade.

Á hora de explicar as actividades desenvolvidas diferenciamos catro liñas de actuación:

- ***Obradoiros de Preparación á liberdade:*** Esta liña de actuación se desenvolve dentro de prisión e está encamiñada a favorecer a preparación da vida en liberdade por medio de diferentes obradoiros: habilidades sociais, xestión das emocións e relaxación, igualdade de xénero e sexualidade...
- ***Saídas programadas:*** cunha periodicidade trimestral, realizamos saídas coas persoas presas do centro penitenciario de Monterroso, para coñecer lugares de interese cultural e ambiental, proxectos de economía social, ou outras ofertas que contribúen á integración social das persoas.
- ***Preparados, Listos, Xa!*** ALIAD Ultreia pon a disposición dos internos/as dos Centros Penais de Bonxe e Monterroso con problemas no ámbito das drogodependencias, falta de recursos ou distancia da familia, un apartamento no cal gozar de permisos de saída penais dunha forma tutelada e co obxectivo de ensaiar e recuperar habilidades e destrezas necesarias para a vida en liberdade.
- ***Proxecto de animación sociocultural nos centros penitenciarios:*** ALIAD Ultreia tamén realiza traballos de investigación participativa que detectan novas problemáticas sociais e que á súa vez serven de base para a planificación de futuras accións. Este proxecto partiu dunha investigación sobre as condicións de convivencia intercultural no centro penal de Monterroso, o cal levou ao desenvolvemento dun Plan de Animación Sociocultural no centro dirixido a mellorar esta realidade.
- ***Coordinación cos Centros Penais:*** Trátase dunha colaboración fluída en canto á selección dos participantes para os talleres, seguimento do traballo no curso dos participantes, coordinación para preparar o saídas socio-culturais, entrevistas antes e despois do goce do permiso, colaboración no deseño de proxectos de intervención, etc.

5.3. Programa de intervención con muller en vulnerabilidade

O proxecto `Donas´ nace no ano 2010 a partir do Caso Carioca, tras unha colaboración co Centro Vagalume de Santiago de Compostela e o posterior contacto con representantes do Poder Xudicial na cidade de Lugo, entendido como un programa dirixido á atención a vítimas de trata e explotación sexual.

ALIAD Ulteira, a través do seu *Programa xurídico social Donas*, converteuse nun recurso de atención integral na provincia que presta servizos a mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual. Este programa pretende ser unha referencia para ditas mulleres, ao que poden acudir para recibir asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación laboral e información dos recursos sociais máis adecuados ás súas demandas.

O Programa Donas ten tres ámbitos de actuación diferenciados:

- ▶ *Achegamento e taller sanitario*: No que se fai unha primeira toma de contacto coas mulleres e trabállase no ámbito da saúde.
- ▶ *Intervención xurídico - social*. Céntrase na axuda directa ás mulleres a través dun recurso de atención integral.
- ▶ *Sensibilización*. Na que se trata de visibilizar a problemática e concienciar á poboación en xeral sobre as causas e consecuencias de trátaa de seres humanos con fins de explotación sexual.

ALIAD Ulteira foi ampliando a súa liña de actuación e actualmente diríxese de forma xenérica a mulleres en vulnerabilidade social, a través dos seguintes programas:

- ▶ *Tecendo futuro*: dirixido á inserción sociolaboral das mulleres, onde se traballa con elas desde unha perspectiva integral
- ▶ *Salta por ti*: dirixido á ocupación do tempo libre, entendido como tempo de lecer e crecemento persoal.

5.4. Programa de participación social e voluntariado

Desde ALIAD Ulteira entendemos que a participación cidadá nas diferentes realidades que nos rodean é fundamental no desenvolvemento comunitario dunha cidade.

As asociacións que traballan no ámbito da acción social nacen dunha demanda ou necesidade e créanse co impulso e a inquietude de axudar a cambiar esta realidade. Así, os movementos sociais, os/as veciños/as dun barrio, as familias das persoas afectadas... son o xerme do movemento asociativo xa que a súa motivación xorde da súa propia concepción da realidade, a xustiza social e da súa inconformismo con ambas.

É por isto que ALIAD Ultraia, como calquera outra entidade do movemento asociativo galego, pretende proporcionar as ferramentas necesarias para lograr a coparticipación cidadá a través da acción voluntaria co fin de consolidar proxectos globais nos que estean implicados todos os axentes sociais, sobre todo os locais.

Contamos cunha estratexia de acollida, formación e acompañamento das persoas voluntarias, buscando converternos en entidades que educan e que promoven a articulación social de cara á promoción de contextos de vida inclusivos.

6. Propostas de acción voluntaria

A continuación recóllense algunhas das iniciativas de acción voluntaria que se desenvolven dende a entidade, cunha breve descrición e perfil asociado. Verás como hai accións que esixen dunha formación previa, como pode ser impartir cursos formativos, e moitas outras nas que a formación forma parte do propio proceso de voluntariado.

Esta non debe entenderse como unha proposta pechada, senón aberta a novos proxectos, construídos de forma individual ou colectiva.

6.1. Apoio aos programas

Descrición: Ademais dos acompañamentos, existen outras posibilidades de participar reforzando os programas que desenvolve a entidade.

- ▶ Obradoiros de preparación para a liberdade no cárcere (habilidades sociais e laborais, informática, idiomas, etc.); ou fóra da prisión (instalacións de Aliad) con persoas presas en réxime aberto (preparación do graduado en ESO, inserción sociolaboral, etc.).
- ▶ Desenvolvemento de un proxecto de carácter sociocultural, formativo ou físico-deportivo no cárcere, asociados ao Plan de Animación Sociocultural.
- ▶ Obradoiros formativos asociados ao programa de inserción socio-laboral de muller (informática, habilidades sociais e laborais, idiomas, etc.).
- ▶ Apoio a familiares das persoas coas que traballamos.
- ▶ Formación en coidado do horto, en apoio ás medidas alternativas á prisión.

Perfil: Para participar deste programa é imprescindible ser maior de 18 anos. Estas accións esixen que a persoa voluntaria teña formación ou experiencia en relación á actuación que quere desenvolver. Existen outras accións de apoio aos programas que non esixen formación específica, como son:

- ▶ Apoio no coidado do horto.
- ▶ Dinamización dun blogue ou outra plataforma nas RRSS que dea visibilidade aos proxectos e ás experiencias de voluntariado desenvoltas dentro e fóra do cárcere.

6.2. Acompañamentos

Descrición: Acompañamentos a persoas que participan do Programa de preparación para a Liberdade que desenvolvemos na prisión. Este programa pon en contacto a persoas privadas de liberdade con persoas da rúa, para que poidan intercambiar vivencias e coñecer o mundo que as rodea.

Establécese a través de:

- ▶ Correspondencia escrita, carteándose con persoas presas.
- ▶ Acompañamento en permisos penitenciarios: na ocupación do tempo de lecer e no acompañamento en trámites que teña que facer a persoa. A desenvolver na cidade de Lugo, en función da demanda.
- ▶ Saídas programadas: excursións que se fan cunha periodicidade trimestral a algún lugar de Galicia de interese cultural ou ambiental.

Perfil: Para participar deste programa é imprescindible ser maior de 18 anos. Valórase a capacidade de empatía, de diálogo, etc. Pódese participar de forma exclusiva o día concreto d o permiso de saída ou da saída programada, ou ben formar parte do grupo que planifica e organiza as mesmas.

6.3. Dinamización cultural

Descrición: Dende ALIAD Ultra impulsamos accións de dinamización cultural, entendendo a cultura como unha vía de desenvolvemento persoal e comunitario e de integración social. Para elo impulsamos diferentes propostas como:

- ▶ Proxecto de animación á lectura dentro de prisión. Unha forma de aproximar á lectura ás persoas presas, e de xerar reflexión e debate en torno ao contido das obras lidas.
- ▶ Rastro solidario: periodicamente, organizamos un rastro solidario coa venta dos libros que nos doan as persoas. A actividade vai dende a súa organización (recollida e catalogación de libros) á participación o propio día do Rastro. Preséntase como un espazo non só para recoller fondos, senón tamén para dar a coñecer a entidade. Organízase de forma puntual, dentro de mercados solidarios e feiras que se fan na cidade de Lugo.
- ▶ Actividades culturais dentro da prisión de Monterroso: persoas e colectivos de carácter cultural (grupos de música, de teatro, etc.) que desexen colaborar actuando no centro penitenciario.

Perfil: Para as accións dentro da prisión é imprescindible ser maior de 18 anos, mentres que no rastro solidario pode participar calquera persoa que estea interesada.

6.4. Proxectos propios

Descrición: Dende ALIAD Ultreia tamén apoiamos a persoas e colectivos que queren desenvolver os seus propios proxectos, dende unha dobre vía:

- Ofrecendo o apoio e acompañamento preciso para facer viable a súa proposta. É o caso, por exemplo, de colectivos sociais e culturais que están a desenvolver proxectos na prisión a través da mediación e seguimento de ALIAD Ultreia.
- Incorporando as súas propostas dentro das liñas de actuación de ALIAD Ultreia. As persoas voluntarias poden presentar iniciativas que consideren de interese, as cales poden ser apoiadas pola entidade e incorporadas nas súas liñas de traballo, a través dos procesos reflexivos e formativos que sexan precisos.

Perfil: Para participar deste programa é imprescindible ser maior de 18 anos. Estas accións esixen que a persoa voluntaria teña formación ou experiencia en relación á actuación que quere desenvolver, ou que teña vontade de adquirila a través da formación que lle poida ofrecer a entidade.

6.5. Sensibilización e incidencia política

Descrición: ALIAD Ultreia reforza as súas diferentes áreas de traballo con accións de sensibilización social e incidencia política. Para avanzar cara sociedades inclusivas non abonda con traballar coas persoas en risco de vulnerabilidade social, é preciso incidir nos contextos de vida, na cidadanía, nesa orde social que xera a exclusión.

A participación das persoas voluntarias nesta área establécese a través de:

- Accións de rúa, na celebración de días sinalados: Día da muller, Día contra a trata, Día do Voluntariado, etc.
- Obradoiros educativos e de sensibilización en centros sociais, culturais e educativos, en relación ás nosas áreas de traballo.
- Formar parte das redes de articulación do ámbito asociativo: Rede de voluntariado lucense, Rede de voluntariado penitenciario, etc.
- Participar de espazos de articulación e mobilización social: prestar atención ás iniciativas que a cidadanía impulsa na cidade de Lugo e estar presente e participar das mesmas, especialmente nas directamente vinculadas aos ámbitos de actuación de ALIAD Ultreia.
- Medios de comunicación: elaborar notas de prensa, divulgar realidades ou experiencias a través das RRSS, etc.

Perfil: Non é preciso ser maior de idade para participar de varias das iniciativas de sensibilización social, si nas de carácter formativo. Valórase a capacidade de traballar en grupo, comunicar, etc. Para algunhas das accións é imprescindible facer unha formación previa e/ou participar das reunións de planificación.

6.6. Soporte á entidade

Descrición: De forma puntual, as persoas voluntarias participan de iniciativas dirixidas ao sostemento da entidade, entre as que se atopan:

- Reunións de definición dos proxectos e iniciativas da entidade, especialmente daquelas directamente vinculados a área de voluntariado ou de sensibilización social. Realízanse de forma puntual.
- Dinamización das redes sociais: web, facebook, blogue

Perfil: Para participar deste programa non é necesario ser maior de 18 anos. A participación nas reunións de definición de iniciativas e proxectos diríxese a aquel voluntariado máis implicado na dinámica da entidade, mentres que no rastro solidario e a venta de lotería participa todo tipo de voluntariado.

7. Tipoloxías de voluntariado e acompañamento

Como comentabamos no apartado “Que supón participar como voluntaria/o?”, en ALIAD Ultraia contamos con perfís moi diversos de voluntariado. As persoas chegan con expectativas, situacións persoais e intereses diversos. O que comparten é a vontade de transformación social de cara a xerar contextos de vida inclusivos, e por iso participan coa súa acción voluntaria. Mais as formas de participación son diversas, así como o grado de implicación que supón.

Deste xeito, diferenciamos entre aquel voluntariado que se implica na dinámica da entidade; aquel que se vincula a accións dun programa de intervención concreto e aquel co que contamos para accións puntuais. Non son categorías excluíntes, senón complementarias. Todas formas de participación valiosas que contribúen á consecución dos nosos obxectivos.



7.1. Voluntariado vinculado á transformación social

Confórmase un grupo de persoas voluntarias que, dende a promoción dun sentir colectivo, se integra no traballo da entidade, especialmente nas áreas de participación e transformación social, é dicir, nas iniciativas de sensibilización, de incidencia social, nas accións de formación, na vinculación a diferentes plataformas de participación cidadá con outros colectivos, etc.

Este grupo participa de:

- **reunións periódicas** para a planificación das accións de sensibilización, incidencia política e educación da entidade, na conexión con outros colectivos de acción social, con outras loitas que avanza cara o fortalecemento de contextos de vida inclusivos;

- das *accións formativas*;
- de *espazos de encontro* nos que xerar sentir de colectivo;
- tamén se dinamiza a súa participación a través das *redes sociais*.

7.2. Voluntariado de apoio aos programas

Aquelas persoas que desenvolven iniciativas de apoio aos programas da entidade (acompañamento de permisos de saída, obradoiros, etc.), ou que desenvolven os seus propios proxectos coa nosa colaboración.

Ás persoas que responden a este perfil:

- *infórmaselles* das diferentes accións de voluntariado que desenvolve a entidade a través das *redes sociais*;
- consúltaselles sobre a formación que precisan e ofértaselles a *formación* que desenvolvemos de forma periódica;
- convídaselles a participar das *reunións de voluntariado e espazos de encontró*.

7.3. Voluntariado para accións puntuais

A aquelas persoas voluntarias que colaboran en accións puntuais:

- *infórmaselles* das diferentes accións de voluntariado que desenvolve a entidade a través das *redes sociais*
- establécese un *contacto máis directo* para o apoio nesas accións.

ANÍMATE A PARTICIPAR!

Contacta connosco en:



ALIAD Ulteira. Rúa Milagrosa, 99-101, entrechán, Lugo
Tlf. 982 251 948 / 655 395 940 / voluntariado@aliad.org

Co apoio de:

